

BLOQUE 5: O PERÍODO DA RESTAURACIÓN BORBÓNICA

Tema 19- A RESTAURACIÓN BORBÓNICA S.XIX (Retorno da monarquía, Constitución 1876 e vida política)

INTRODUCCIÓN:

- Volta da monarquía borbónica > REINADO DE ALFONSO XII (1875-1902).
- 2 ETAPAS NO REINADO:
 - REINADO DE ALFONSO XII (1875-1885)
 - REXENCIA DE M^aCRISTINA (1885-1902)

1) INICIO DA RESTAURACIÓN

- Finais da I República (ditadura de Serrano) > “**Manifesto de Sandhurst**”¹: redactado por Cánovas do Castillo e asinado polo príncipe Alfonso de Borbón: defensa da volta a unha monarquía constitucional hereditaria, baixo a figura do fillo de Isabel II, Alfonso.
- Co pronunciamento do xeneral Martínez Campos en Sagunto proclámase rei a Alfonso XII, que se atopa no exilio > REXENCIA DE CÁNOVAS DEL CASTILLO.
- ALFONSO XII entra en Madrid e é recoñecido rei (xaneiro 1875) > nomea presidente a Cánovas del Castillo.

1.1. CONSTITUCIÓN DE 1876:

- Nova constitución herdeira da conservadora de 1845 (**liberalismo conservador**).
- Cortes constituíntes con maioría canovista.
- Características:
 - Soberanía compartida entre Cortes e Rei.
 - Rei: poder executivo, poder lexislativo compartido coas Cortes.
 - Cortes bicamerais
 - Congreso dos Deputados elixidos por sufraxio censatario restrinxido (lei electoral posterior que o amplía).
 - Senado: modelo mixto, con designación real, alta nobreza, xerarquías eclesiástica e militares, máis uns senadores elixidos por sufraxio censatario moi restrinxido.
 - Certa declaración de dereitos e liberdades.
 - Relixión católica oficial. Liberdade de culto.

¹ MANIFESTO DE SANDHURST: documento de carácter político elaborado en 1874 polo político conservador Antonio Cánovas del Castillo, e asinado polo herdeiro de Isabel II, Alfonso de Borbón, na Academia militar de Sandhurst, onde éste estudaba. No manifesto indicábase a necesidade de restaurar a monarquía borbónica en España, que nese momento atopábase durante un réxime republicano (I República). Nel, Alfonso de Borbón, defendía a monarquía parlamentaria, un sistema liberal constitucional conservador, e a relixión católica. Días despois de asinar este manifesto, o xeneral Martínez Campos protagoniza un pronunciamento en Sagunto en contra da República e proclamando como rei a Alfonso.

2) VIDA POLÍTICA DA RESTAURACIÓN

2.1. O SISTEMA CANOVISTA:

- Sistema imposto por Antonio Cánovas del Castillo, de ideoloxía liberal conservadora, pero de CARÁCTER PRAGMÁTICO, buscando o consenso entre as distintas forzas políticas.
- Necesidade de ESTABILIDADE POLÍTICA (lema: “Paz e orde”) > ESTABLECEMENTO DUN RÉXIME LIBERAL CONSERVADOR (monarquía constitucional con soberanía compartida e sufraxio censatario):
 - Fin dos pronunciamentos > creación dun SISTEMA BIPARTIDISTA, onde os dous partidos liberais turnaríanse no poder:
 - PARTIDO CONSERVADOR (Cánovas).
 - PARTIDO LIBERAL (SAGASTA).
 - Para conseguir esta quenda, empregábase o FRAUDE ELECTORAL.

2.2. O SISTEMA DE QUENDA E FRAUDE ELECTORAL:

- **SISTEMA DE QUENDA**² (“TURNISMO”)
 - Quenda pacífica no poder entre os dous partidos no poder: Partido Conservador (Cánovas) e Partido Liberal (Sagasta). Obxectivo: evitar os pronunciamentos militares e a inestabilidade política.
 - Deixan fóra da goberno a todos aqueles partidos alleos ao liberalismo, como as forzas de esquerda, movemento obreiro, nacionalismos e rexionalismos.
 - Sistema corrupto e fraudulento:
 - Os partidos pactaban previamente quen gobernaría. O Rei nomeaba a un novo xefe de goberno e disolvía as Cortes.
 - Eleccións fraudulentas: resultados amañados a través do “ENCASILLADO” e o CACIQUISMO.
- FRAUDE ELECTORAL:
 - “**ENCASILLADO**”³ ou “encadramento”: asignación previa dos escanos, pactada polo dous partidos maioritarios.

² SISTEMA DE QUENDA: sistema de alternancia pacífica no poder polos dous partidos maioritarios durante a Restauración Borbónica. Baseábase na quenda do Partido Liberal (Sagasta) e Partido Conservador (Cánovas) de xeito pactado e pacífico. O obxectivo era evitar a inestabilidade política característica do Reinado de Isabel II, e para conseguilo debían amañarse os resultados electorais, servíndose do sistema de “encasillamento”, o caciquismo e do “pucheirazo”. A consolidación deste sistema quedou de manifesto no Pacto do Pardo despois da morte do rei Alfonso XII en 1885.

³ ENCASILLADO OU ENCADRAMENTO: práctica política que se levaba a cabo na Restauración Borbónica e consistía nun proceso polo que o ministro da Gobernación elaboraba a lista de candidatos que debían ser escollidos en cada distrito electoral, colocando nas cuadrículas correspondentes os nomes dos candidatos ministeriais e da oposición. A lista era pactada polos dous partidos monárquicos que se alternaban no poder a través do sistema de quenda. A “orde” de quen debía ser elixido trasladábase aos gobernadores civís e estes, á súa vez, trasladábana aos caciques para así “asegurar” o resultado

- **CACIQUISMO**⁴: a clave do fraude electoral estaba nos “caciques”, personaxes ricos e influíntes na España rural (alcalde, terratenente, notario, comerciante...) quen seguían as indicacións do Gobernador Civil de cada provincia, amañando as eleccións. Os caciques “persuadían” aos votantes para votar aos candidatos indicados, a través de distintos métodos: favores, ameazas, violencia ou o denominado “**PUCHEIRAZO**”⁵, que consistía en cambiar os resultados das urnas.

2.3. POLÍTICAS DA QUENDA PACÍFICA (Gobernos de Cánovas e Sagasta):

- **Gobernos de Cánovas** > liberalismo conservador. Obxectivo: estabilidade política (sistema canovista)
 - Constitución de 1876 (liberalismo conservador)
 - Mellora das relacións Igrexa-Estado: relacións máis estreitas coa Igrexa, asegurando maior influencia na vida política.
 - Política centralista: co fin da 3ª Guerra carlista (1876) > eliminación dos privilexios forais vascos.
 - Lei Municipal en 1877 > control dos concellos polo Goberno: eliminaba a elección popular dos alcaldes que pasaban a ser nomeados polo Goberno ou polos gobernadores civís.
 - Políticas represivas contra o movemento obreiro.
- **Gobernos de Sagasta** > liberalismo progresista. Destacan as súas reformas do chamado “Goberno Longo” (1885-1890) de Sagasta, despois da morte de Alfonso XII:
 - Ampliación dos dereitos políticos > LEI DO SUFRAXIO: sufraxio universal masculino: permitirá aos republicanos obter algúns escanos nas zonas urbanas, onde non funcionaba o caciquismo.
 - Ampliación dos dereitos do movemento obreiro > LEI DE ASOCIACIÓNS: legalización das asociacións obreiras (favorece a aparición do partidos políticos e sindicatos obreiros, como PSOE/UXT).
 - Lei do xurado.

⁴ CACIQUISMO: práctica política que se levaba a cabo en España fundamentalmente durante o período da Restauración Borbónica, a partir de 1875; axudaba ao fraude electoral que se producía nese momento para facilitar o sistema de quenda do bipartidismo instaurado por Cánovas durante o reinado de Alfonso XII. Os “caciques” eran aquelas persoas que nas zonas rurais tiñan o poder, tanto político, económico ou militar (alcaldes, terratenentes, notarios...), e que podían “persuadir” aos electores a quen debían votar. Os Gobernadores xerais informaban aos caciques quen debía gañar as eleccións e eles, para obter eses resultados desexados, empregaban métodos como as ameazas, a violencia, os favores, ou simplemente o amaño dos resultados (“pucheirazo”). Foi un sistema que imperou tamén durante o reinado de Alfonso XIII.

⁵ PUCHEIRAZO: práctica que consiste na manipulación dos resultados electorais, cambiando ou amañando as cifras dos votos para gañar as eleccións. Consistía na substitución da urna electoral (“pucheiro”) cos votos xa emitidos por outros favorables ao candidato desexado. Foi un dos métodos de fraude electoral empregados durante a Restauración Borbónica, a partir de 1875, para favorecer o sistema de quenda imperante nese período, acompañado de outros métodos como o “encasillamento” e o caciquismo.

3) REXENCIA DE M^a CRISTINA DE HABSBURGO:

- Morte do rei > REXENCIA DE M^a CRISTINA DE HABSBURGO (1885-1902): témesse a volta á inestabilidade polo que se asina o PACTO DO PARDO (1885) entre Sagasta e Cánovas, reafirmando o sistema de quendas.
 - Herdeiro á coroa: o príncipe, futuro Alfonso XIII (menor de idade).
- Asasinato de Cánovas por un anarquista en 1897, pero continuará o sistema de quendas.

2.1. **CRISE DE FINAIS DE SÉCULO. DESASTRE DO '98:**

- Cuba, Porto Rico e Filipinas eran as últimas colonias do imperio español.
- A mediados de século iníciáanse as primeiras insurreccións en Cuba. A finais do XIX contarán coa AXUDA DE EEUU (intereses económicos e xeoestratéxicos).
 - Explosión do navío norteamericano Maine (febreiro 1898) propiciou a declaración de guerra de EEUU a España. España perde a guerra rapidamente en decembro de 1898.
- A Paz de París supuxo o acordo de paz:
 - España cede a EEUU a illa de Porto Rico e Filipinas e a illa de Guam.
 - Cuba alcanza a independencia baixo a “protección” estadounidense.
- “Desastre do 98” > forte conmoción nacional:
 - Mortes de miles de soldados españois.
 - Irresponsabilidade dos políticos ao mando: sabían da superioridade americana e continuaron coa loita.
 - Sensación de “fin dunha era”.
- Numerosas críticas ao sistema político por parte dos intelectuais:
 - **Rexeneracionismo**: movemento de opinión que propuxo solucións para rexenerar España, abrindo o sistema a novos grupos, permitir a participación no poder político, aínda que sen cambiar totalmente o réxime vixente. Destacan figuras como Joaquín Costa.
 - Xeración do 98: corrente intelectual que toma o seu nome polo Desastre e toma como súas moitas das críticas e reformas que defendían os rexeneracionistas. Inclúense a autores como Valle-Inclán, Machado, Baroja, Unamuno...
 - Dos partidos de esquerdas, do movemento obreiro e dos nacionalismos: auxe do movemento obreiro, co aumento das folgas e das protestas; aparición de novos partidos políticos de carácter nacionalista, republicano e proletario que comezan a ter maiores apoios cidadáns.

↳ **CRISE DA RESTAURACIÓN** (a partir de 1902, reinado de Alfonso XIII), entrando en crise o sistema canovista, poñéndose de manifesto os fallos do sistema cunha falta evidente de elementos democráticos.